

**Tecnicismos xurídicos e galego popular**

# Consello da Avogacía Galega

-- Servizos - Servizo de Asesoramento Lingüístico - Documentos e recursos --

Documentos e  
recursos

## **Tecnicismos xurídicos e galego popular**

Brevísima nota de vocabulario  
xurídico enxebre

luns 27 de outubro do 2003

## **Tecnicismos xurídicos e galego popular**

Enxebrismo

Glosa  
Teimar polo foro

demandar, preitear. Con este mesmo sentido tamén se encontran : andar á xustiza;  
andar na xustiza.

Testemuña de viso/ de vista/ de ollos

testemuña presencial

Testemuña de orella

testemuña indirecta

Os rellos da xustiza

os "brazos", os recursos, os poderes da xustiza

Mal feito, mala feizón, malfacer

delicto, falta

(Usos) adoitos, coller de adoito

usos do costume, o costume feito norma

## **Tecnicismos xurídicos e galego popular**

Andar á avinza, vir a partido

acordo de conciliación, avinza

Partes conformes, pauto, vinda a pauto, axuste, compostura, ben conxeito

conciliación, avinza

Desconxeito

desavinza

Tirar confesa

autoinculpación

Confesa de tamborín, confesa obrigada

autoinculpación baixo tortura ou presión irresistible

Avogado de lareira/ de arroleiro

picapreitos

Ir á penecha

presentarse coa cabeza descuberta

## **Tecnicismos xurídicos e galego popular**

Peitar

pagar

Cobredor

encubridor

Malfeitor

delincuente,

Reu

reo

Crela, querela

demanda, querela : pra xulgar crela, as dúas orellas

Alcaide, alcale, alcalde

xuíz

Meiriño

alcalde pedáneo

## **Tecnicismos xurídicos e galego popular**

Leterado

xurista

Curial

¿avogado, funcionario da Administración de Xustiza: secretario, fiscal, etc?

Beleigán, vereeiro

funcionario menor

Lídimo

lexítimo

Negadiva

insistencia na propia inocencia

Xudicieiro

¿avogado?

Asmar/ esmar

estimar ou instruír

## **Tecnicismos xurídicos e galego popular**

Pesqueridor

instructor

Rolo

expediente numerado

Faramalla

trapisonda

Caloña

castigo, punición

Penar

impoñer pena

Carrasco

verdugo

Ser

sedente, estar sentado

## **Tecnicismos xurídicos e galego popular**

Sisudo

xusto, xuízoso

Formal

solar dunha casa

Fouzar

estragar

Alverixar, ollecer

¿mellorar, progresar? : mante-lo foro e alverixar sen diñeiro non se fai; terma-lo foro e ollecer sen diñeiro non pode ser

Avoidar

envanecer

Revezar

¿recuncar? : o que cartos teña, á xustiza reveza

Coima de figos

¿minucia?

## Tecnicismos xurídicos e galego popular

Moega

¿asunto, negocio?: máis val preito vello ca moega nova

Reme

¿redimir? : foro non reme foro

Diz

dicir, declarar

Doos

dos, perdas

*(recollido da obriña, de moi amena e curiosa lectura, Refráns da xustiza, Xesús Ferro Ruibal, 2ª edición, AFNL - ICA Ourense - Asociación de Xuristas en galego. 1995)*